

## **Resolución do procedemento de inscrición de tres rodais do monte Carballal de Lobos, de titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Seoane, do concello da Veiga no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas**

### **Antecedentes**

1. O 16/02/2022 a persoa titular do monte Carballal de Lobos, solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O 25/04/2022 o Servizo de Montes de Ourense informou favorablemente a solicitude.
3. O 24/05/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte Carballal de Lobos.
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
5. Instruído o procedemento, prescínlese do trámite de audiencia, segundo o estipulado no apartado 4 do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
6. O 01/09/2022 o xefe do Servizo de Montes de Ourense formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

### **Consideracións legais e técnicas**

1. O procedemento de inscrición do monte **Carballal de Lobos** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta  
[DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL](#)  
[CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL](#)  
San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 546108  
[forestal.mediorural@xunta.gal](mailto:forestal.mediorural@xunta.gal)



de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO**:

1. Que se inscriba o monte **Carballal de Lobos** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, unha vez se teña realizado o pagamento da correspondente taxa (artigo 13.6 do Decreto 167/2019), coas seguintes características:

**Número de rexistro:** 32021

**Nome do monte:** Carballal de Lobos (A Veiga, Ourense)

**Titular:** CMVMC de Seoane

**Superficie a inscribir:** 439,17 ha en tres coutos redondos.

- Couto redondo 1: 16,01 ha, *Quercus pyrenaica*, *Betula celtiberica*, *Salix sp.* e *Alnus glutinosa*, FCC 100%, idade maior de 20 anos.
- Couto redondo 2: 104,46 ha, *Quercus pyrenaica*, *Betula celtiberica*, *Salix sp.* e *Alnus glutinosa*, FCC 100%, idade maior de 20 anos.
- Couto redondo 3: 318,70 ha, *Quercus pyrenaica*, *Betula celtiberica*, *Salix sp.* e *Alnus glutinosa*, FCC 100%, idade maior de 20 anos.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal  
**JOSÉ LUIS CHAN RODRIGUEZ**  
(Asinado dixitalmente)

**DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
San Lázaro s/n  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 546108  
[forestal.mediorural@xunta.gal](mailto:forestal.mediorural@xunta.gal)

